



FICHA RESUME

PE 403A 2008/ 84-5

Ano	2009
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE O GROVE
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE NAVALLA E LONGUEIRÓN
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE

Especies	Navalla (<i>E.arcuatus</i>) e Longueirón (<i>E.siliquia</i>).
Ambito do plan	Enseada da Lanzada (praia de A Lanzada, praia de Area da Cruz e Raeiros), praia de Mexillueira, Area das Pipas, Area de Reboredo, Lombo de Rons-Migalliñas e Lombo de As Sinás .
Subzonas de explotación	Pendientes de establecer pola entidade.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	14	22
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	240 días, cunha veda de dous meses consecutivos para a navalla entre marzo e maio e para o longueirón entre abril e xuño											
Modalidade⁽³⁾:	mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie.											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Especies	Embarcación	kg/tripulante enrolado/día (*)
Navalla		10
Longueirón		10

Arte ou técnica de extracción | Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie.

Puntos de control	Embarcación de vixilancia e lonxa do Grove
Puntos de venda	Lonxa do Grove

Outras consideracións⁽⁹⁾

En relación coas **especies**, e de acordo co informe técnico exclúese o longueirón vello, o cal tampouco aparece nos obxectivos de produción.

(*) Modificado por Resolución do 12 de xuño de 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños



En relación coa **zona de traballo**: dende o ano 2003 practicamente desapareceron os individuos de navalla e longueirón nos bancos de A Lanzada-Pedras Negras, que supoñían case o 95% das extraccións e o valor económico deste plan en anos anteriores. Polo que a viabilidade deste plan pasa pola recuperación deste banco marisqueiro e/ou a explotación doutros que se podan atopar.

A extracción de longueirón autorizouse na Lanzada dende o ano 2008. Á vista da evolución do plan do presente ano apreciase que as capturas de longueirón incrementáronse con respecto ao ano 2007, sen embargo non sucede o mesmo no caso da navalla.

No plan presentado para o ano 2009 inclúen dúas novas zonas, Lombo de Migalliñas-Rons e Faro de As Sinás (Cantareira) e de acordo co informe técnico na avaliación destas áreas obsérvanse densidades aceptables para a súa explotación, sobre todo na zona de Rons-Migalliñas. Estas novas áreas son zonas de traballo común coa explotación doutros recursos por sectores da mesma entidade, polo que o colectivo de mergulladores deberá planificar un calendario de actividade que non interfira co marisqueo a flote e que respecte as zonas de marisqueo a pé

No ano 2004 fixéronse mostraxes que sinalaban outras zonas con presenza de especies (de Punta Area Grande ata Punta San Vicente e canle que separa Toxa pequena e Toxa grande); sen embargo, estas zonas non son solicitadas neste plan nin anteriormente a pesares de que mellorarían os ingresos do colectivo de mergulladores. En anos anteriores recomendouse á entidade que incluíse esas zonas (de punta Area Grande a punta San Vicente, a canle que separa a Toxa pequena coa Toxa grande) no ámbito do plan de solénidos con técnicas de mergullo, sen ser tido en conta.

O calendario para o ano 2009 modifícase substancialmente con respecto a anos anteriores, nos que o colectivo non traballaba nos meses que se adicaban a ourizo. Para o ano 2009 duplican o número de días solicitados, aceptándose a proposta sempre e cando se respectase unha veda de dous meses consecutivos para a navalla entre marzo e maio e para o longueirón entre abril e xuño.

(*) Con respecto aos **topes de captura** mantéñense en 10 kg/tripulante debidamente enrolado/día para ambas especies, por non existir xustificación biolóxica que avale o incremento.

En relación coa **proposta de ampliación de participantes** (6 mergulladores) motivada polo emprego da técnica de mergullo con subministro de aire dende superficie, non se acepta porque non se pode incrementar o esforzo pesqueiro só como consecuencia do cambio de modalidade de traballo, senón que é necesario ter en conta o estado do recurso e a organización do colectivo, aspectos que non foron favorablemente.

Con respecto aos **participantes** non se inclúe a embarcación que segundo o Censo da Flota Pesqueira Operativa estaría de alta definitiva (data 11.11.2008), aínda que aportada como baixa para unha nova construción. No listado figura a embarcación , que supoñemos pode ser a nova construción, sen embargo non existe na actualidade petición de traslado do permiso de explotación da embarcación mencionada. Polo tanto, á embarcación que pode incluírse no plan é , mentres non solicite o traslado do permiso de embarcación.



De acordo co artigo 3º da Orde de 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenan en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, *poderanse trasladar as modalidades de extracción de recursos específicos sempre que se manteña a embarcación no plan de explotación, e se acrediten reunir os requisitos de profesionalidade necesarios para poder ser autorizado.*

O horario autorizado para marisqueo dende embarcación e de 8:00 a 14:00 h, segundo o establecido no artigo 115 do Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia.

Non se aceptan as condicións para a renovación dos permisos de explotación (apartado 2.3) por non estar contempladas na normativa vixente sobre a explotación de recursos específicos, nin sobre os permiso de explotación de ditos recursos, ademais debería acreditarse a aprobación do plan polo colectivo de mergulladores, sector bastante estable en canto aos participantes e apesares de non existir agrupación legalmente constituída. O plan de explotación, ferramenta fundamental da xestión dos recursos marisqueiros, só será efectivo se o sector está implicado na súa elaboración e aprobación, en caso contrario ademais de dar lugar a desencontros entre as partes, perde validez como fórmula de xestión.

En relación coa posibilidade contemplada no plan de expulsión dos mariscadores que non cumpran as normas do plan, advírtese que:

Para explotar os recursos específicos é necesario estar nun plan de explotación polo que é responsabilidade das confrarías o censo de participantes.

Non está acreditada a aprobación do plan polo colectivo de mergulladores, que son os directamente interesados na planificación da explotación do recurso.

Calquera privación do dereito de exercer a actividade marisqueira por parte dunha confraría a través dun procedemento sancionador, que supoña a exclusión parcial ou total dun plan de explotación no que o mariscador estaba incluído, non está contemplada na normativa que regula a explotación de moluscos nin o permiso de explotación.

A persoa afectada, ante unha sanción do tipo contemplado no plan, poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

No caso do emprego de **mergullo con subministro de aire dende superficie**, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario:

- **Dividir o ámbito do plan** en zonas de explotación (alomenos 3) que se traballarán rotatoriamente, e remitir as coordenadas cartográficas de ditas zonas.
- Establecer un **punto de control** no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación (folla de control) , verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado, emitíndose un ticket nominativo. As follas de control serán remitida ao biólogo de zona da Delegación Territorial, na forma que se determine.

O informe de mergullo de data 26.11.2008 é favorable á autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan agás determinados mergulladores (_____ e _____)



) e sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente. O tempo de traballo será dun máximo de 5 horas/día só se a inmersión é inferior a 10 metros.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un **control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas**. Polo tanto, os **datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos** deberán ser remitidos regularmente á Delegación correspondente diferenciado as zonas de traballo, de xeito que coa solicitude de apertura mensual **os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior (condición imprescindible para tramitar a petición efectuada)**.

Recoméndase, para a mellora do plan:

- Aprobación do plan en asemblea do colectivo de mergulladores.
- Detallar a organización do punto de control.
- Presentación de plan financeiro.

De acordo coa Circular de 6.10.2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009, deberán presentar as coordenadas cartográficas do ámbito do plan e das subzonas de traballo que deberán crear.